

O casamento do ceo e do inferno

William Blake

Tradución de Miguel González Álvarez



O Casamento do Ceo e do Inferno
Orixinal: The Marriage of Heaven and Hell (1790)
William Blake

Versión de Miguel González Álvarez

Notas da versión:

1. A obra orixinal é un libro de gravados. Recomendamos acompañar a lectura coa consulta dos gravados e ilustracións, especialmente nos títulos e nas transicións entre partes. Pódense atopar diferentes edicións das láminas orixinais en internet no *William Blake Archive*.

2. Consideramos pertinente explicar aquí certas decisións de tradución ligadas ao uso de maiúsculas e grosas. A obra que nos ocupa ten fortes características poéticas, metafísicas, relixiosas, e incluso se podería dicir que proféticas e alquímicas. A imitación do ton bíblico é unha constante nas diferentes partes do texto, e isto inclúe un xeneroso uso de maiúsculas como recurso por parte do autor, tanto para dar énfase como por motivos estéticos. O tratamento destes usos mereceunos especial atención durante a elaboración desta versión: un uso similar das maiúsculas sería inadmisíbel na cultura de chegada.

Decidimos que, na cosmogonía do texto, Ceo e Inferno son topónimos referentes a lugares existentes. Polo tanto, tratámoslos como nomes propios, e escribímoslos con maiúscula inicial na nosa versión, tamén no título da obra.

Por motivos similares, tivemos en conta que, desde o punto de vista das voces do texto, o Demo é unha entidade de magnitude e importancia comparábel, se non equiparábel, a Deus. Xa que Deus se escribe con maiúscula, escribimos, igual que no orixinal, Demo con maiúscula, cando se refire ao Demo en singular como nome propio (non así cando aparece en plural ou como nome común).

O Xenio Poético, ou Xenio, é un aspecto metafísico da divindade, ou incluso precursor da mesma. Tamén o tratamos como nome propio, e tamén o escribimos con maiúscula inicial.

No texto faise mención a dous conxuntos de proclamacións metafísicas como Erros e Refutacións. Estas proclamacións teñen unha importancia central na cosmogonía do texto, polo que os dous nomes colectivos que refiren estes dous conxuntos son tratados tamén como nomes propios.

Por último, o autor fai uso de diversas cores nos gravados orixinais. Algúns destes usos son claramente enfáticos, e reproducímoslos, en casos puntuais, en letra grosa. De igual maneira usamos a letra grosa, en casos aínda máis puntuais, para trasladar un énfase que se tería perdido doutro xeito.

O casamento do Ceo e do Inferno

William Blake

O ARGUMENTO

Rintrah roxe e abala os seus lumes no ar pesado.

Nubes famentas reptan polos abismos.

Nun tempo pasado humilde, e en perigoso carreiro,

o home xusto seguiu o seu camiño

a través do val da morte.

Plantáronse rosas das que medraron espiñas,

e na braña erma

cantaron os abellóns.

Entón o carreiro perigoso arrodeouse de plantas

e houbo un rego e unha fonte

por cada cantil e tumba;

e os ósos embranquecidos

deron arxila vermella.

Ata que o vil abandonou os camiños apracíbeis

para camiñar noutros perigosos, e expulsar

o xusto a climas inhóspitos.

Agora a serpe ruín camiña

en submisa humildade

e o xusto trona de ira nas terras salvaxes

onde vagan os leóns.

Rintrah roxe e abala os seus lumes no ar pesado.

Nubes famentas reptan polos abismos.

Sempre que nace un novo Ceo, e xa van trinta e tres anos desde a chegada do actual, revive o Inferno Eterno. E mirade! Swedenborg é o Anxo que senta na tumba, a roupa de liño dobrada é a súa obra. Agora é o dominio de Edom e o retorno de Adán ao Paraíso. Vede Isaías, capítulos XXXIV e XXXV.

Sen **contrarios** non é posible o progreso. Atracción e repulsión, razón e enerxía, amor e odio son precisos para a **existencia humana**.

Destes opostos nace o que as xentes relixiosas chaman o ben e o mal. O ben é o pasivo que obedece á razón, o mal é o activo que provén da enerxía.

O ben é o Ceo, o mal é o Inferno.

A VOZ DO DEMO

Todas as Biblias ou códigos sagrados foron causa dos seguintes **Erros**:

1. Que o ser humano ten dous principios reais: o corpo e a alma.
2. Que a enerxía, chamada o mal, provén só do corpo, e que a razón, chamada o ben, provén só da alma.
3. Que Deus atormentará eternamente a humanidade por seguiren as súas enerxías.

Pola contra, as seguintes Refutacións son **verdadeiras**:

1. O corpo e a alma non son cousas separadas: o que se chama corpo é unha fracción da alma discernida polos cinco sentidos, os maiores intérpretes da alma no noso tempo.
2. A enerxía é a única vida e provén do corpo, e a razón é o límite ou circunferencia exterior da enerxía.
3. A enerxía é eterna delicia.

Quen doma o seu desexo faino porque é bastante feble e pode ser domado. A domadora, ou razón, usurpa o seu lugar e goberna así o obstinado.

E sendo así desbravado, vira cada vez máis pasivo, ata que se volve só a sombra do desexo que era.

A historia disto cóntase no Paraíso Perdido, e a razón, ou gobernadora, é chamada o Mesías.

E o Arcanxo orixinal e xeneral dos exércitos celestiais é chamado o Diaño ou Satanás, e os seus fillos son chamados Pecado e Morte.

Pero no libro de Job, o Mesías de Milton é chamado Satanás.

Porque esta historia foi adoptada polas dúas partes.

Para a razón parecera que o desexo fora expulsado, pero o que conta por contra o Demo é que o Mesías, tras caer, fixo un Ceo do que roubou do Abismo.

Isto cóntase no Evanxeo, onde El lle suplica ao Pai que lle envíe ao desexo, ou consolador, para que a razón poida ter así ideas sobre as que construír, o Xehová da Biblia non sendo aquí outro que aquel que habita no fogo abrasador.

Sabede que pasou a ser Xehová despois da morte de Cristo.

Pero, en Milton, o Pai é o Destino; o Fillo, unha proporción dos cinco sentidos; e o Espírito Santo, o Baleiro!

Nota: a razón de que Milton falase encadeado cando falaba de Deus e dos anxos, e con

liberdade cando falaba do Inferno e dos demos, é que el era un verdadeiro poeta, e do bando do Demo sen sabelo.

UN CAPRICHIO MEMORÁBEL

Mentres camiñaba entre as lapas do Inferno, deleitado polos gozos do Xenio, que para os anxos parecen pouco máis que tormentos e demencia, recollín varios dos proverbios que alí escoitei; coa idea de que, así como os refráns usados nunha nación determinan o seu carácter, tamén os Proverbios do Inferno amosan a natureza da sabedoría infernal moito mellor do que calquera descrición de vestiduras ou edificios.

Cando volvía á miña casa vin, no abismo dos cinco sentidos, onde un cantil de parede lisa domina o mundo presente, un poderoso demo vestido de nubes negras levitando sobre a beira da rocha. Con fogos corrosivos escribiu a sentenza que segue, que é percibida agora polas mentes dos humanos, e lida por eles na Terra:

Sabes que cada paxaro dos que cortan ar
é un mundo inmenso de delicia, pechado polos teus cinco sentidos?

OS PROVERBIOS DO INFERNO

Aprende na sementeira, ensina na colleita, reláxate no inverno.

Leva o teu carro e arado por riba dos ósos dos mortos.

O camiño do exceso leva ao pazo da sabedoría.

A prudencia é unha vella dama, rica e fea, cortexada pola incapacidade.

Quen desexa pero non actúa cría a peste.

O verme cortado perdoa o arado.

Mete no río a quen ama a auga.

O parvo non ve a mesma árbore que ve o sabio.

A quen a fronte non lle aluma, nunca se volverá estrela.

A eternidade está namorada das producións do tempo.

A abella industriosa non ten tempo para a señardade.

O reloxo mide as horas de inconsciencia, pero as horas de sabedoría ningún reloxo as pode medir.

A comida que enche é a que se colle sen rede nin trampa.

Saca número, peso e medida en ano de seca.

Ningún paxaro voa alto de máis, se voa coas propias ás.

Un cadáver non vingará inxurias.

Poñer a outro diante de ti é o máis sublime dos actos.¹

Se o tolo persistise na súa tolemia, viraría sabio.

A tolería é o disfrace da vileza.

A vergoña é o disfrace do orgullo.

Os cárceres constrúense con pedras de lei; os bordeis, con ladrillos de relixión.

O orgullo do pavo real é a gloria de Deus.

A luxuria da cabra é a vizosidade de Deus.

A furia do león é a sabedoría de Deus.

O espido da muller é a obra de Deus.

O exceso de pena ri. O exceso de contento chora.

O ruxido dos leóns, o ouvear dos lobos, a furia do temporal no mar e a espada destrutora son fragmentos da eternidade grandes de máis para a vista da humanidade.

O raposo culpa a trampa, non a si.

Os gozos impregnan. As penas extraen.

Que o home vista a pel do león, a muller o veludo da ovella.

O paxaro, o niño; a araña, a arañeira; os humanos, a amizade.

O bufón egoísta que sorrí, e o bufón sombrío e malencarado, serán os dous considerados sabios, e serán os dous unha mesma vara.

O que agora está demostrado era antes só imaxinado.

A rata, o rato, o raposo e o coello miran polas raíces; o león, o tigre, o cabalo e o elefante, polos froitos.

A cisterna contén; a fonte reborda.

Un único pensamento enche a inmensidade.

Vive disposto a dicir o que pensas, e o ruín evitarate.

Todo o que pode ser crido é unha imaxe da verdade.

Nunca tanto tempo perdeu a aguiá como cando quixo aprender do corvo.

O raposo prové para si, pero Deus prové para o león.

Pensa pola mañá, actúa no mediodía, come á tardiña, durme pola noite.

Quen sufriu a túa imposición coñécete.

Como o arado obedece as palabras, Deus recompensa os rezos.

Os tigres da ira son máis sabios ca os cabalos da instrución.

Espera veneno da auga estancada.

Nunca saberás canto é suficiente ata que saibas canto é máis que suficiente.

Escoita a recriminación do imbécil. É honra digna de reis!

¹ N. do T.: No orixinal, *To set another before you*. Hai interpretacións que indican que isto significa discutir, e non priorizar.

Os ollos de lume, o nariz de ar, a boca de auga, a barba de terra.
O falto de coraxe é forte en astucia.
A maceira non lle pregunta nunca á faia como medrar; tampouco o león lle pregunta ao cabalo como coller as presas.
Quen sabe recibir con agradecemento leva boa colleita.
Se outros non foron parvos antes ca nós, deberíamos selo.
O corazón da delicia non pode ser corrompido.
Cando ves unha aguia ves unha fracción do Xenio. Levanta a cabeza!
Como a eiruga desova nas mellores follas, maldí o cura os máis puros gozos.
A creación dunha pequena flor é un traballo de séculos.
As maldicións atan, as beizóns relaxan.
O mellor viño é o máis vello; a mellor auga, a máis nova.
Os rezos non aran! Os eloxios non segan!
Os gozos non rin! As penas non choran!
A cabeza sublime, o corazón Pathos, os xenitais beleza, as mans e os pés proporción.
Como o ar para o paxaro ou o mar para o peixe é o desprezo para o despreciable.
O corvo queredría que todo fose negro; o moucho, que todo fose branco.
A exuberancia é beleza.
Se o león seguise o consello do raposo, sería astuto.
O progreso fai camiños rectos, pero os camiños atravesados, sen progreso, son camiños do Xenio.
Mellor matar un meniño no berce que alimentar desexos sobre os que non actuarás.
Onde non está o ser humano, a natureza é erma.
A verdade nunca se pode dicir de xeito que poida ser entendida e non crida.
Abondo! Ou de máis.

Os antigos poetas animaron todos os obxectos perceptíbeis con Deuses ou Xenios, chamándoos polos nomes e adornándoos coas propiedades de fragas, ríos, montes, lagos, cidades, nacións, e calquera outra cousa que os seus sentidos ampliados e numerosos percibiran.

De forma particular, estudaron o xenio de cada cidade e de cada país, colocándoo baixo cadansúa deidade mental, ata que un sistema foi formado, do que se aproveitaron algúns para escravizar ao vulgo. Quixeron realizar ou abstraer as divindades mentais dos seus obxectos: así deu comezo o sacerdocio.

Seleccionaron formas de adoración de entre contos poéticos.

Proclamaron profusamente que os deuses ordenaran tales cousas,
e así esqueceu a xente que todas as divindades residen no interior humano.

UN CAPRICHIO MEMORÁBEL

Cearon comigo os profetas Isaías e Ezequiel, e pregunteilles como foi que se lles ocorrera afirmar de forma tan rotunda que Deus lles falara; e se non pensaran no momento que ían ser mal entendidos, e polo tanto causa de imposición. Isaías díxome:

—Nin vin a Deus nin o escoitei, referíndonos a unha percepción orgánica finita; pero os meus sentidos descubriron o infinito en todas as cousas, e como daquela tiña, e sigo a ter, a idea firme de que a voz da indignación honesta é a voz de Deus; sen preocuparme polas consecuencias, escribín.

Logo preguntei eu:

—Entón a idea firme de que unha cousa é dun xeito, automaticamente fai que sexa dese xeito?

E foime respondido:

—Todos os poetas pensan que si, e nas idades da imaxinación esa idea firme moveu montañas; pero moitos non son quen de ter unha idea firme de nada.

Entón Ezequiel interveu:

—A filosofía oriental impartiu os principios iniciais da percepción humana, e as nacións tomaron un ou outro deses principios como central. Nós os de Israel ensinamos que o Xenio Poético, como lle chamades agora, foi o principio inicial, e que todos os demais son del simples derivados. Isto foi a razón de que desprezásemos aos sacerdotes e filósofos doutros países, e de que profetizásemos que se chegaría a demostrar que todos os Deuses teñen orixe no noso, e que son tributarios do Xenio Poético. Foi isto o que o noso grande poeta, o Rei David, desexaba tan fervorosamente, e invocaba tan pateticamente; dicindo así conquistaba inimigos e gobernaba reinos, e nós amabamos tanto ao noso Deus que maldicimos no seu nome as deidades das nacións veciñas, e afirmamos que se rebelaran. E por estas opinións o vulgo chegou a crer que todas as nacións serían, no final, súbditas dos xudeus.

»E como todas as ideas firmes, esta é agora realidade; porque todas as nacións agora cren o código dos xudeus, e adoran o deus dos xudeus, e que maior submisión pode haber?

Escoitei isto con certo asombro, e debo confesar que fun convencido.

Despois de cear pedínlle a Isaías se lle podía regalar ao mundo as súas obras perdidas, e contestoume que nada de valor se perdera. Ezequiel dixo o mesmo das súas obras.

Pregunteille tamén a Isaías o motivo polo que pasou tres anos espido e descalzo.

—Polo mesmo que o noso amigo Dióxenes o Grego.

Despois pregunteille a Ezequiel por que comera excremento e por que botara tanto tempo

deitado sobre o seu costado dereito e logo sobre o seu costado esquerdo. Díxome:

—Polo desexo de elevar a outros homes ata a percepción do infinito. Isto fano as tribos de América do Norte. E acaso é honesto quen rexeita o seu xenio, ou conciencia, só por unha gratificación ou un alivio presente?

A antiga tradición de que o lume consumirá o mundo despois de seis mil anos é certa, segundo escoitei do Inferno.

Entón o querubín da espada de lume será chamado a abandonar a súa garda da Árbore da Vida. Cando o faga, a Creación enteira será consumida, e aparecerá infinita e sacra onde agora aparece finita e corrupta.

Isto pasará por causa dunha mellora do gozo sensorial.

Pero primeiro debe ser eliminada a idea de que o corpo e a alma son cousas separadas. Isto vouno facer imprimindo polo método infernal, empregando corrosivos, que no Inferno son medicinais e saudábeis, xa que funden as superficies aparentes para revelar o infinito que se esconde detrás.

Se as portas da percepción fosen purificadas, todas as cousas lle aparecerían ao ser humano como son, infinitas.

Porque o ser humano está fechado en si mesmo, e só ve as cousas a través das fendas estreitas da súa caverna.

UN CAPRICHIO MEMORÁBEL

Estiven nunha imprenta no Inferno e observei o método polo cal se transmite o coñecemento entre as xeracións.

Na primeira cámara había un home-dragón que varría escombros da boca dunha cova, e dentro da cova había dragóns que a ían baleirando.

Na segunda cámara vin unha víbora enroscada arredor da rocha e da cova, e outras adornándoa de ouro, prata e metais preciosos.

Na terceira vin unha aguia con ás e plumas de ar, que volvíaa o interior da caverna infinito. Arredor había homes-aguia, que construían pazos nos inmensos cantís.

A cuarta estaba habitada por leóns de ardente lume, que ruxían e fundían os metais a fluídos vivos.

Na quinta vin formas sen nome que vertían os metais ao espazo.

Alí eran recibidos polos homes que ocupaban a sexta cámara. Tomaban forma de libros e eran arranxados en bibliotecas.

Os xigantes, que formaron a existencia sensual deste mundo, e que agora parecen vivir nel encadeados, son de certo os creadores da súa vida e iniciadores de toda a súa actividade. Pero as cadeas que os atan son o enxeño de mentes febles e mansas que teñen a capacidade de resistir a enerxía: en acordo ao proverbio, o falta de coraxe é forte en astucia.

Así unha parte da existencia é o prolífico e outra o devorador: podería parecerlle ao devorador que o prolífico está suxeito a el, pero non é así: toma nada máis que partes da existencia, e pensa que son o total.

Pero o prolífico deixaría de selo a menos que o devorador, como o mar, recibise o exceso dos seus gozos.

Algúns aquí dirán: “Acaso non é só Deus o prolífico?” E eu respondo: Deus só é e actúa en seres existentes, ou persoas.

Estas dúas clases de xente están sempre na terra, e deberan ser inimigas. Quen tente reconcilialas busca destruír a existencia.

A relixión é un intento de reconcilialas.

Nota: Xesús Cristo non quixo unilas senón separalas, como se pode ver na parábola das ovellas e das cabras! E di, non vin traer paz ao mundo, senón espada.

Antes pensábase que o Mesías, tamén chamado Satanás ou o Tentador, era un dos antediluvianos que son as nosas enerxías.

UN CAPRICHIO MEMORÁBEL

Un anxo veu a min, e díxome: Ó estúpido cativo! Ó, horrible! Ó, condición espantosa! Considera ben a prisión ardente que te estás preparando, na que botarás toda a eternidade, de seguires a senda que segues!

E eu dixen:

—Se cadra estarás disposto a ensinarme a miña sorte eterna, poderemos contemplala xuntos, e determinar cal é mellor, se a miña ou a túa.

Entón levoume por unha corte e por unha igrexa, e baixamos ata a cripta da igrexa, ao final da cal había un muíño. Entramos no muíño e chegamos a unha cova retorta, pola que tivemos que reptar cara abaixo, ata que debaixo de nós apareceu un abismo inmenso e sen límite, coma un ceo inferior. Agarrados a raíces de árbores, penduramos sobre a inmensidade. Aí dixen:

—Se che parece ben permaneceremos neste baleiro, e veremos se hai aquí tamén providencia, e se non che parece ben fareino eu.

El contestou:

—Desengánate, rapaz, aquí contemplarás o teu destino así que se disipe a escuridade.

E quedei alí, eu sentado na raíz retorta dun carballo, el suspendido nun fungo que colgaba cabeza abaixo.

Por un tempo contemplamos o Abismo, fero coma o fume dunha cidade ardendo. Debaixo de nós, a inconcibíbel distancia, estaba o sol, negro e brillante; arredor del, ardentes pistas por onde xiraban enormes arañas detrás das súas presas, que voaban, ou, máis ben, nadaban nas profundidades infinitas, en formas aterradoras de animais nados da corrupción; e o aire estaba cheo delas, e parecía que estaba feito delas. Estes son diaños e son chamados Poderes do Ar. Nesta altura pregunteille ao meu acompañante cal era a miña sorte eterna. Contestou:

—Entre as arañas brancas e as negras.

Pero nese momento, por entre as arañas brancas e as negras, naceron explosivamente unha nube e un lume que tronaron polas profundidades, ennegrecendo todo ao seu paso. Así o baleiro inferior tornou negro coma o mar, e nel bruaba un ruído terríbel. Xa nada podíamos ver por baixo que non fose o negro vendaval, ata que miramos cara o leste por entre as nubes e as ondas, e alá vimos unha catarata de sangue con lume, e non moi lonxe de nós apareceron, para volver afundirse, as escamas dunha serpe monstruosa. Finalmente, cara o noso leste tamén, sobre unha distancia de tres graos, apareceu unha ardente coroa por sobre as ondas, que se elevou lentamente como un cantil de rochas douradas. Adiviñamos dous orbes de lume vermello dos que o mar escapaba en nubes de fume, e entón soubemos que estábamos a ver a cabeza de **Leviatán**: a súa fronte estaba

dividida en raias verdes e púrpuras, como as dun tigre, e moi pronto vimos a súa boca e as súas galadas vermellas suspendidas xusto por riba da espuma fervente, tinguindo o negro abismo de torrentes de sangue, avanzando cara nós coa furia toda dunha existencia espiritual.

O meu amigo o anxo abandonou o seu lugar e gabeou cara o muíño, só eu fiquei alí. Entón esa aparición xa non estaba, e vinme sentado na agradábel beira dun río nunha noite de luar, escoitando a un arpista que cantaba acompañando o instrumento. O tema do seu cantar era: “A persoa que nunca cambia de opinión é como a auga estancada, e cría réptiles da mente”.

A pesar disto, púxenme en pé e fun cara o muíño. Alá atopei o meu anxo, quen, sorprendido, preguntoume como fora que escapara.

Ao que eu respondín:

—Todo o que vimos foi debido á túa metafísica, xa que cando ti fuxiches eu vinme sentado na beira dun río en noite de luar escoitando un arpista. Pero agora que vimos a miña sorte eterna, amosareiche eu a túa?

O anxo riu ao escoitar a miña idea, pero eu amarreino á forza cos meus brazos e voei con el cara o oeste a través da noite, ata que nos alzamos por riba da sombra da terra. Despois atravesamos directamente o corpo do sol. Alí vestinme de branco e, tomando nas mans os volumes de Swedenborg, afundinme, afastándome do clima glorioso, e deixei atrás todos os planetas ata que chegamos a Saturno. Alí parei a descansar, e logo saltei ao baleiro, entre Saturno e as estrelas quedas.

—Aquí —dixen eu— está a túa sorte, neste espazo, se se lle pode chamar espazo.

Pronto vimos diante a corte e a igrexa, e leveino ata o altar. E mirade! Había alí unha foxa profunda, pola que baixei empuxando diante de min o anxo. Pronto vimos sete casas de ladrillo e entramos nunha delas. Dentro había monos, mandrís e todo tipo de animais desas especies, encadeados polo medio, que facían carantoñas e botaban as gadoupas uns aos outros, limitados polo curto das súas cadeas. Pero ás veces multiplicábanse, e entón os fortes cazaban os febles, e, facendo sempre carantoñas, primeiro copulaban con eles e despois devorábanos; quitándolles primeiro un membro, e logo outro, e así ata que o corpo non era máis que un tronco inútil, que tras beixar e sorrirlle con aparente cariño, tamén devoraban. E aquí e alá vin tamén a algún catando a carne do seu propio rabo. Como o fedor nos resultaba aos dous absolutamente insoportábel, volvemos ao muíño, e eu na miña man levei un esqueleto que, unha vez dentro do muíño, se converteu nos Analíticos de Aristóteles.

Entón dixo o anxo:

—Abusaches da miña confianza coa túa fantasía, e deberías avergonzarte.

Respondín:

—Abusamos un da confianza do outro. E tamén direi que é perder o tempo conversar

contigo, que só tes Analíticos como obra.

A oposición é amizade verdadeira.²

² N. do T.: Esta frase atopámola no orixinal ao pé da lámina, no medio dunha ilustración. Nalgunhas das copias orixinais en cor é difícil de ler, e noutras é directamente ilexible.

Sempre pensei que os anxos teñen a vaidade de falar de si mesmos coma se fosen os únicos sabidos, e fano cunha confiada insolencia proveniente do razoamento sistemático.

Así, Swedenborg alardea de que o que escribe el é novo, pero non é máis que o índice, ou sílabo, de obras xa publicadas.

Un home sacou a pasear un mono, e, como era un pouco máis listo que o mono, tornouse vaidoso, e estimouse moito máis sabio ca sete homes. Isto é o que pasa con Swedenborg: demostra a inutilidade das igrexas e desenmascara os hipócritas, ata que acaba imaxinando que toda a xente é relixiosa e que el é o único na terra que algunha vez matou unha mosca.

Agora direivos unha certeza: Swedenborg non escribiu unha verdade nova. E outra: escribiu todas as vellas falsidades.

E agora direivos o porqué: Swedenborg falou cos anxos, que son todos relixiosos, pero non falou cos demos, que odian todos a relixión, porque as súas nocións preconcebidas llo impediron.

Os seus escritos son, polo tanto, unha recapitulación de todas as opinións superficiais, e unha análise das máis sublimes, pero máis nada.

Direivos agora outra certeza: Calquera persoa con algo de habilidade mecánica podería, a partir dos traballos de Paracelso ou Jacob Behmen, producir dez mil volumes de igual valor que os de Swedenborg; e, a partir dos de Dante ou Shakespeare, un número infinito.

Porén, despois de facer isto, que non diga que sabe máis que os seus mestres, porque o único que fai é erguer un candil á luz do sol.

UN CAPRICHIO MEMORÁBEL

Unha vez vin a un demo rodeado de lume levantarse diante dun anxo que estaba sentado nunha nube. E o demo dixo así:

—Render culto a Deus é honrar os seus dons cando se manifestan no ser humano, a cada quen con acordo ao seu xenio, e querer máis ás mellores persoas. Quen envexa ou calumnia a xente grande odia a Deus, porque non hai outro Deus.

Ao escoitar isto o anxo virou case completamente azul, pero, conténdose, virou amarelo, e finalmente branco, rosa, e sorriu, replicando:

—Ó Idólatra, acaso non é Deus Un? E acaso non é visible en Xesús Cristo? E acaso non deu Cristo sanción á lei dos dez mandamentos, e non son todos os demais humanos ignorantes, pecadores e ninguéns?

O demo respondeu:

—Bate a un parvo con trigo nun morteiro, e non lle baterás a parvada para fóra; se Xesús Cristo é o meirande home, deberías amalo en grao sumo. Agora escoita de que maneira deu sanción á lei dos dez mandamentos: acaso non desprezou o sábado, desprezando así o Deus do sábado? Non matou aqueles que morreron por el? Non protexeu da lei a muller sorprendida en adulterio? Non roubou cando se mantivo do traballo doutros? Non foi falsa testemuña cando renunciou a defenderse diante de Pilatos? Non cobizou cando rezou polos seus discípulos, e cando lles mandou sacudir o po dos seus pés contra quen se negara a recibilos? Dígoche que non pode existir virtude que non rompa eses dez mandamentos. Xesús era só virtude, e actuou por impulso. Non obedeceu normas.

Cando así falou, volvíñ a mirada cara o anxo, que, abrindo os brazos, abrazou o lume e foi consumido, e rexurdiu como Elías.

Nota: Este anxo, que agora é un demo, é amigo persoal meu. Xuntámonos con frecuencia para ler a Biblia no seu sentido infernal ou diabólico, que o mundo haberá de ter se soubese comportarse ben.

Tamén posúo a **Biblia do Inferno**, que o mundo haberá de ter queira ou non.

A mesma lei para o león e o boi chámase opresión.

CANCIÓN DE LIBERDADE

1. O eterno feminino ruxiu! E en toda a Terra se escoitou.
2. A costa de Albión cala, enferma; desfalecen as veigas americanas!
3. Sombras de Profecía tremen por lagos e ríos, murmuran por todo o Océano: Francia, destrúe o teu cárcere;
4. España Dourada, rebenta os muros da vella Roma;
5. Tira as túas chaves, ó Roma, que caian ao fondo do abismo, que caian ao fondo da eternidade.
6. E chora!
7. Nas súas mans tremendo colleu ela ao terror nacente, ouveando;
8. Naquelas montañas de luz infindas, agora ocultadas polo Atlántico, o lume acabado de nacer levantouse diante do rei das estrelas!
9. Cubertas de grises neves e tronantes rostros, as celosas ás bateron por riba das profundidades.
10. A man afiada arriba, o escudo desatado: adiante foi a man da envexa fundirse nos flamíxeros cabelos, e lanzar á marabilla neonata a través da noite estrelecida.
11. O lume, o lume está caendo!
12. **Mirade arriba! Mirade arriba!** Ó londiniense, relaxa o teu xesto, ó xudeu, deixa a un lado as contas do teu ouro, volve ao teu aceite e ao teu viño! Ó africano! Africano negro! (vaia, pensamento alado ensanche a súa fronte).
13. Os membros ardentes, os cabelos flamíxeros, disparados coma o sol afundindo no mar occidental.
14. Espertado do seu sono eterno, o espírito antigo bramando voou lonxe.
15. Apresurouse cara abaixo, batendo en van as ás, o celoso rei. Os seu conselleiros de grises cellas, os seus guerreiros tronantes e veteranos curtidos, entre cascos, escudos e carros, e cabalos, elefantes, estandartes, castelos, tirafondas e pedras,
16. Caendo, correndo, arruinando! Soterrados nas ruínas, nas guaridas de Urthona.
17. A noite toda baixo as ruínas, entón, coas amargas chamas xa apagadas, emerxen arredor do tétrico rei.
18. Con lume e tronos, liderando as hostes estrelecidas a través do salvaxe ermo, promulga el os seus dez mandamentos, con pálpebras como trabes olla con escura preocupación os abismos,
19. Onde o fillo do lume, na súa nube oriental, ao tempo que a alborada adorna o seu dourado peito,
20. Apartando as nubes escritas de maldicións, esnaquiza a pétrea lei e vólvea po, ceiba os cabalos eternos das guaridas da noite, berrando:
Xa non hai Imperio! E agora cesarán o león e mailo lobo.

O CORO

Que nunca máis os sacerdotes do corvo da alborada, de negro mortal vestidos, maldigan con ásperos tons os fillos da alegría.

Que nunca máis a súa irmandade, a quen, tirano, chama libres, volva determinar fronteira nin teito.

Que nunca máis a pálida lascivia relixiosa chame virxindade ao que desexa pero non actúa!
Porque todo o que vive é sacro.